




CONCURSO DE CARTEIS “XXVIII FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DE GALICIA”

- Poderán optar ó premio tódolos/as alumnos/as dos colexios e o I.E.S. de Vila de Cruces. Os carteis deberán ser elaborados integramente polos alumnos/as, deberán ser realizados manualmente e non se admitirán deseños feitos por ordenador.
- Tema: XXVIII Festival de Bandas de Música de Galicia (Vila de Cruces).

Técnica: libre.

Tamaño: imprescindible tamaño cartulina ou A3 orientada como amosa o debuxo:



- Os carteis entregaranse no Centro educativo correspondente ou no Concello de Vila de Cruces ata o día **22 de abril de 2022**.
- Os carteis presentados deberán ir asinados co nome do autor, figurando na parte de atrás o nome completo do autor, idade, enderezo, número de teléfono de contacto.
- Os premios serán os seguintes:
 - 1º premio cartel gañador: 99 euros
 - 4 accésits de 65 euros cada un ó mellor cartel de cada colexio.
- Os carteis premiados quedarán no poder do Concello de Vila de Cruces e pasarán a formar parte do patrimonio do mesmo, podendo reproducilos e difundilos con enteira liberdade. O cartel gañador será o que se empregue para realizar a publicidade do Festival.

Imponse aos participantes a cesión gratuita dos dereitos de explotación nos termos previstos no artigo 48 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, reservándose o Concello de Vila de Cruces o dereito a utilizar os traballos premiados en futuras edicións ou actividades con fins promocionais.

- O xurado valorará a creatividade, a orixinalidade, a facilidade de indentificar o cartel co Festival de Bandas e a calidade artística, tendo en conta a idade dos participantes. A decisión do xurado será inapelable e os concursantes polo feito de concursar aceptarán integramente as presentes bases.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492